

Bloque 2. Tema 9.

A Ilustración en España (características da Ilustración e do Despotismo Ilustrado).

A **Ilustración** foi un *movemento cultural e ideolóxico moi característico da Europa do século XVIII*. Defendía a *capacidade da razón humana* para descubrir a verdade e as leis da natureza, así como a necesidade de *propoñer e realizar reformas* co obxectivo de incrementar o benestar material do país, mellorar a sociedade e *alcanzar a felicidade social*.

Tanto en España en xeral como no territorio galego en particular, as novas ideas da Ilustración tiveron un *desenvolvemento tardío* se o comparamos con outros lugares de Europa.

Na concreción da Ilustración en España pódense distinguir **dúas etapas**. A primeira, durante os reinados de Felipe V (1700-1746) e de Fernando VI (1746-1759), denominada tamén “protoilustración”, estivo encabezada polos chamados “proxectistas” (por elaborar proxectos para o goberno) e os “anovadores” ou “novatores” (por querer innovar no pensamento e na ciencia), entre os que destacou o pai Feijóo. A segunda etapa, xa plenamente ilustrada e de apoxeo, desenvolveuse durante o reinado de Carlos III (1759-1788).

Estas ideas ilustradas foron *aceptadas e promovidas por unha minoría culta* formada por nobres, clérigos, oficiais da Administración e burgueses que tiveron unha enorme influencia política. O seu pensamento e propostas caracterizáronse pola *moderación reformista*, tentando compaxinar a crítica e a renovación co pragmatismo e o mantemento da orde sociopolítica establecida. Só uns poucos pensadores foron evolucionando cara posicións máis radicais preliberais. En síntese, o seu pensamento **caracterizouse por** varios elementos:

- ➔ A **crítica á realidade vixente**, á ignorancia e á falta de cultura, ao atraso técnico e económico, aos prexuízos sociais e ao abuso dos poderosos.
- ➔ O **fomento da educación e da renovación científica** (as “ciencias útiles”) para superar o atraso existente. En España, estas ideas concretaríanse na *fundación de escolas técnicas* (como a Escola de Náutica e Comercio na cidade da Coruña) *e na creación das Academias* (da Lingua, de Medicina, de Historia, de Belas Artes...).
- ➔ O **predominio das preocupacións económicas**, tendendo a fomentar e mellorar, con numerosos proxectos e reformas, todos os sectores produtivos (en especial o artesanal e comercial). O obxectivo era **incrementar a riqueza do reino e o benestar** e a felicidade da

poboación. Co propósito de contribuír á difusión dos avances científicos e de potenciar a economía dunha determinada zona crearon as Sociedades Económicas de Amigos do País. No caso galego destacou tamén a creación do Real Consulado da Coruña (1785). Contribuíu á divulgación destas ideas e proxectos a prensa (xornais como *El Censor* ou *El Pensador*).

- ➔ O recurso ao poder do rei para alcanzar as reformas pretendidas e afastar tanto os atrancos existentes como a oposición dos sectores tradicionalistas, maioritarios na Igrexa, pero tamén na sociedade en xeral.
- ➔ A aceptación do rei como “home ideal” ilustrado: racionalista, intelectual, amante das artes e das ciencias e reformista en política.

Este pensamento levou a boa parte destes intelectuais a defender unha ***nova concepción do poder***, coñecida como **despotismo ilustrado**. Neste sistema, os monarcas debían exercer un poder absoluto, pero este debía empregarse en aumentar a riqueza e o benestar dos seus súbditos, e sendo o rei o que impulsaría e encabezaría dun xeito persoal todas as reformas. Isto resumírase na frase “todo para o pobo, pero sen o pobo”. Este decidido apoio ao poder real fixo que ***moitos ilustrados formasen parte dos gobernos***, en especial durante o reinado de **Carlos III** (1759-1788).

Ao principio do reinado, Carlos III apoiouse en ministros italianos que xa o acompañaran cando fora rei das Dúas Sicilias. Estes ministros reformistas enfrontáronse aos privilexiados coas súas políticas (liberdade comercial para os cereais, desamortización dos bens da Igrexa, etc). Por iso, espertaron unha forte oposición que estalou no ***motín de Esquilache de 1766*** e levou á destitución deste ministro e a unha moderación nas reformas.

Dende entón cambiaron os protagonistas do reformismo, con ministros que agora foron españois. Destacaron Campomanes, o conde de Aranda e Floridablanca, que se apoiaron nun grupo de brillantes ilustrados como Cabarrús, Olavide, Jovellanos ou, en Galicia, José Cornide Saavedra. As reformas, promovidas por estes ministros e apoiadas polo rei, abrangueron todas as áreas:

- ➔ As reformas relixiosas orientáronse a reducir o enorme poder da Igrexa. Carlos III intensificou o regalismo coa expulsión dos xesuítas (1767) ou a limitación do poder da Inquisición.
- ➔ As reformas económicas intentaron aumentar a recadación (por exemplo, coa creación da Lotería Nacional ou a fundación do Banco Nacional de San Carlos) e fomentar a riqueza do país con medidas liberalizadoras para potenciar a produción (libre circulación de cereais e

viños, liberalización do comercio con América) e a promoción do desenvolvemento agrícola (limitación dos privilexios da Mesta, colonización de terras despoboadas, desamortización de bens comunais).

- ➔ **As reformas militares** buscaron reorganizar o exército e establecer un servizo militar obrigatorio.
- ➔ **As reformas sociais** intentaron dignificar o traballo industrial e comercial e apoiaron o desenvolvemento educativo e científico.
- ➔ **As reformas institucionais** limitáronse ao poder municipal, onde se introduciron cargos electos (síndicos e deputados do común).

A pesar da amplitude das reformas, o despotismo ilustrado tivo importantes limitacións. No momento en que as reformas afectaban as estruturas do Antigo Réxime ou as estruturas sociais, os cambios paralizábanse, pois os privilexiados opoñíanse a elas.

O temor provocado na Coroa pola Revolución Francesa de 1789, xa no reinado de **Carlos IV**, motivará a paralización da axenda reformista. Con todo, da Ilustración nacerá o foco de pensamento liberal español que será protagonista a partir de 1808 apostando pola ruptura co Antigo Réxime.